

Os anuncios

EXPRESIÓN



- 1 Que pretende cada cartel? Relaciona:
 - a) Informar sobre un espectáculo ou acontecemento.
 - b) Facer publicidade dun produto que se quere vender.
 - c) Facer unha boa recomendación.
- 2 Que produto anuncia o cartel 1? Que destaca del?
- 3 Que espectáculo anuncia o cartel 2? Cando será e onde?
- 4 Que se recomenda no cartel 3? Cres que é certo?
- 5 Explica cal é o teu anuncio de televisión favorito e que anuncia.

Ten en conta

Nos anuncios publicitarios adoita haber un **slogan**, é dicir, unha frase breve e orixinal que moitas veces rima.

OBRADOIRO DE EXPRESIÓN



Fago un anuncio.

- 1 Elixe un destes produtos e inventa unha marca.
- 2 Nunha cartolina pequena, debuxa o produto.
- 3 Destaca as súas calidades e escribe un slogan.

